



Concello de
San Cibrao
das Viñas

Praza da Constitución nº1
San Cibrao das Viñas
32911 Ourense

web: www.sancibrao.es
mail: info@sancibrao.es
tlf: 988381034 fax: 988381101

BANDO

PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

Para coñecemento de todas aquelas persoas as que puidese interesar e o seu cumprimento por parte dos afectados, **FAISE SABER:**

Que segundo consta na Lei 3/2007 de 9 de abril, no seu artigo 21, queda recollido a xestión das “faixas de especial protección” a efectos de protexer o espazo rural e os núcleos, **E QUE OBRIGA AOS SEUS TITULARES A:**

***Limpar a totalidade das parcelas que se atopen, fora do monte a unha distancia inferior a 50 metros do seu perímetro,** conforme o previsto nos criterios para a limpeza definidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

***Limpar unha franxa de 100 metros arredor de calquera núcleo poboacional, edificación, urbanización, depósito de lixo, cámping, instalación recreativa, obras, parques e instalacións industriais,** de acordo cos criterios para a limpeza estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

*Entendese como titulares as persoas propietarias, arrendatarias, usufrutuarias ou persoas titulares de calquera outro dereito real ou persoal sobre os terreos forestais e os terreos situados nas zonas de influencia forestal.

***Advírtese que non manter os terreos limpos, será obxecto de sanción por parte da Xunta de Galicia e por parte do Concello.**

San Cibrao das Viñas, 20 de xullo de 2010.

A ALCALDESA

